

*9. Vicerreitoría de Investigación
e Transferencia do Campus de Ourense*



1. Actividades de colaboración con asociacións empresariais e centros tecnolóxicos

- Participación en actividades dos programas de cooperación co Parque Tecnolóxico de Galicia, intervindo nunha serie de encontros sectoriais coordinados pola Tecnópole con empresas do polígono de Sabón (A Coruña) e do polígono de San Cibrao das Viñas (Ourense). Están encadradas no Programa de cooperación con parques industriais e tecnolóxicos (Copit).
- Feira do Coñecemento: foro organizado pola Cámara de Comercio de Ourense. Esta iniciativa tiña como obxectivos fundamentais: en primeiro lugar dar a coñecer a transferencia de coñecemento e como se articula, así como cales son as capacidades dos centros tecnolóxicos e de centros de investigación como o CITI; e, en segundo lugar, intentar darlles resposta ás necesidades das empresas, a través das capacidades e servizos dos centros tecnolóxicos ou de investigación, ao artellar propostas de colaboración conxunta para resolver problemas ou desenvolver novos produtos e procesos que permitan o incremento da competitividade e internacionalización destas. Tiveron lugar encontros «one to one» entre o CITI e responsables das empresas, e a oferta tecnolóxica dos grupos do CITI quedou rexistrada de forma permanente na páxina web do proxecto.
- Participación en diversas xornadas de divulgación de instrumentos financeiros para o fomento da I+D+i ou da transferencia do coñecemento organizados pola Tecnópole ou as cámaras de comercio (Innocash, CDTI, Rede Incompyme etc.).
- Incorporación do CITI á rede da APTE (Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España) e envío de ofertas ás persoas investigadoras do Campus de Ourense das continuas demandas que se publican no seu foro.
- Participación en reunións con diversos axentes do Parque Tecnolóxico de Galicia, co fin de fomentar posibles proxectos de I+D en colaboración cos centros tecnolóxicos da contorna. Neste senso leváronse a cabo entrevistas cos directores dos centros LOMG, CIS Madeira, Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) e da Asociación de Empresarios de San Cibrao.
- Colaboración coa Tecnópole na difusión e ocupación das preincubadoras que a Tecnópole ten á disposición de emprendedores/as do Campus de Ourense.
- Asistencia, en representación do reitor, ás xuntas xerais de accionistas do Parque Tecnolóxico de Galicia.

2. Visitas de empresas

Recibíronse as seguintes empresas interesadas en coñecer as instalacións do CITI e as capacidades do centro: Aceites Abril SL, Frigoríficos Premar SL, Grupo Alaska, Bajamar Séptima SA, Grupo Pescanova, Restaurante A Raxidora, OCASA, AMMI Technologies SL, Grupo Teleoperator, Intellectia Bank SA, Sergal SL, Moldsan SL, Bodegas Pradío, Sociedade Textil Lonía SA.

Visitáronse as instalacións das empresas Aceites Abril, Grupo Cuevas e Coren en Ourense, OCASA en San Xoán de Río e Madeiras Iglesias no Porriño.

Os encontros realizados coa empresa OCASA deron pe á formalización de propostas colaborativas que na actualidade están na fase de presentación a convocatorias públicas para o seu financiamento. Este é o caso dunha iniciativa dos grupos de investigación AA1 do CITI e o EQ9 de Enxeñaría Química e as empresas OCASA e OPAIN SL, que se atopa en fase de presentación ao CDTI:

Título. Desenvolvemento de un método de biorremediación aerobio para tratamento, a escala de planta piloto experimental, de residuos contaminados con hidrocarburos procedentes de plantas de fabricación de mezclas bituminosas en caliente (BIORESMBC).

3. Proxectos institucionais

a. Proxecto Real (*rede de innovación e desenvolvemento tecnolóxico agroalimentario norte de Portugal-Galicia*)

Programa: Cooperación transfronteiriza España-Portugal 2007-2013.

Financiamento: 200 000 euros (2009-2011), do que se executou nos primeiros seis meses do ano 2011, o 28 %.

Aínda que a data de remate do proxecto estaba fixada para o 31 de decembro de 2010, foi prorrogado ata o 30 de xuño de 2011.

Dentro das actividades deste proxecto desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Actividade formativa desenvolvida no CITI os días 7, 8 e 9 de novembro de 2010 e na cal participaron as empresas Amorodo SL e Innaves SA. A temática seleccionada foi o «proceso fermentativo na industria agroalimentaria». A actividade estivo coordinada polo catedrático da Universidade de Vigo Juan Carlos Parajó Linares.
- Actividade formativa desenvolvida no CITI os días 23 e 24 de maio de 2011, en que participaron oito empresas do sector agroalimentario: CAPSA, Casa Marcelo, Stolt Sea Farm SA, Anfaco-Cecopesca, Santa Mariña de Loureiro, Pescanova, Cuevas e Apromar. A temática desta actividade foi a «implantación e aplicabilidade das tecnoloxías de altas presións na industria alimentaria». A coordinadora da actividade foi a profesora titular da Universidade de Vigo Concepción Pérez Lamela.
- Actividade formativa desenvolvida na Facultade de Ciencias do Campus de Ourense os días 7 e 8 de xuño de 2011. Destinada ás empresas do sector agroalimentario de Ourense. Tratou sobre a «Xestión e comunicación da sustentabilidade na industria agroalimentaria». A coordinación correu a cargo do Profesor Contratado Doutor da Universidade de Vigo, Ernesto López-Valeiras.
- Actividade formativa desenvolvida na Facultade de Ciencias do Campus de Ourense o día 9 de xuño de 2011. Destinada ás empresas do sector agroalimentario de Ourense. Tratou sobre a «extracción de compostos bioactivos naturais para a produción de alimentos funcionais». Os coordinadores da actividade foron a catedrática de Enxeñaría Química da Universidade de Vigo Herminia Dominguez e o profesor contratado con cargo ao Programa Parga Pondal, Andrés Moure.
- Presentación da publicación Análise estratéxica da industria alimentaria elaborada baseándose nos datos recollidos durante o desenvolvemento das actividades do proxecto, e que tivo lugar no acto celebrado no mes de novembro de 2010 no Centro Tecnolóxico da Carne.
- Participación no «Food Industry Brokerage Event» que tivo lugar no Porto o 25 de xaneiro de 2011 e na cal tiveron lugar encontros coas empresas para facilitarlles a oferta tecnolóxica do CITI.
- Participación, o 29 de abril de 2011, na «Conferencia de prensa do Proxecto Real». Tivo lugar na fundación SA de Xestión do Plan Xacobeo, e a vicerreitora presentou a Axenda estratéxica do sector agroalimentario da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Participación, o 26 de maio de 2011, na xornada Cooperación e Innovación no Sector Agroalimentario, que serviu como evento de peche do REAL. A vicerreitora presentou a Axenda estratéxica do sector agroalimentario da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Participación o 31 de maio de 2011 no Solar do Vinho Porto, no Porto, na «Conferencia de prensa do proxecto REAL», cos socios das universidades portuguesas.
-
- Participación nas reunións de traballo cos socios do Proxecto Real, que tiveron lugar os días 18 de xaneiro de 2011 en Vila Real, o 29 de abril en Santiago de Compostela e o 16 de xuño en Braga.

b. Diverciencia

Programa: Programa de comunicación e sensibilización social (CSS) da Consellaría de Industria, do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica 2006-2010 (Incite).

Do 15 ao 19 de novembro de 2010 desenvolvéronse as Xornadas Diverciencia, conxuntamente cos centros tecnolóxicos CTC e Cetal, e nas cales participaron 360 rapaces/as de seis centros de ensinanza diferentes. O CITI liderou a actividade «Comerciencia: consumir con ciencia, comer con conciencia», desenvolta durante a semana da ciencia nas propias instalacións do CITI e do CTC en Ourense, e do Cetal e da Granxa Garabullos en Lugo. As xornadas serviron ademais para difundir as actividades de I+D+i vinculadas ao ámbito de alimentación que se realizan no CITI.

c. Labmat

Subprograma: Actuacións científico-tecnolóxicas a entidades públicas instaladas nos parques científicos e tecnolóxicos (INNPLANTA).

No mes de xullo de 2010 presentouse na convocatoria do Programa INNPLANTA do MICINN, o proxecto de laboratorio de materiais avanzados (Labmat) para a adquisición de distintos equipos e integralos na planta piloto e no laboratorio complementario do CITI.

No momento actual rematou a primeira fase coa adquisición e instalación dos equipos do financiamento de 2010 e comezouse cos procedementos de contratación dos equipos da segunda fase (2011).

d. Outros

Adicionalmente, presentouse a proposta seguinte que foi retirada ao tratarse do mesmo equipamento concedido no Labmat anteriormente comentado:

- Subprograma de proxectos de infraestrutura científico-tecnolóxica cofinanciados pola Feder do MICINN.
- Programa nacional de contratación e incorporación de recursos humanos de investigación; presentáronse dúas solicitudes:
 - Subprograma Ramón y Cajal: solicitouse a través do CITI.
 - Subprograma de persoal técnico de apoio: solicitouse unha praza de técnico/a de transferencia para a oficina de proxectos.

4. Proxectos conseguidos en convocatorias competitivas co apoio da Vicerreitoría

Como consecuencia da colaboración establecida entre o Complexo Hospitalario de Ourense e o Campus de Ourense, conseguiuase financiamento para os seguintes proxectos de investigación:

- *Programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal.*

Título: Observatorio transfronterizo galaico-portugués para el control de la tuberculosis. TUBERCONTROL.

Institucións participantes: Universidade de Vigo e Fundación Cabaleiro Goas.

Data de resolución: 24 de decembro de 2011.

- *Programas sectoriais de investigación aplicada do INCITE: tecnoloxía de biomedicina e ciencias da saúde*

Título: Un estudo integral ao contido proteico no plasma, urina e tecidos de doentes con nefropatía glomerular.

Institucións participantes: Universidade de Vigo e Fundación Cabaleiro Goas.

Financiamento conseguido: 62445 euros

Data de resolución: 24 de decembro de 2011

- *Programas sectoriais de investigación aplicada do INCITE: tecnoloxía da información e da comunicación*

Título: Sistema intelixente de procura e clasificación de casos de infección nosocomial.

Institucións participantes: Universidade de Vigo e Fundación Cabaleiro Goas.

Financiamento conseguido: 63315 euros.

- *Proxecto de colaboración entre o equipo de nefroloxía do CHOU e o equipo BIOSCOPE da Facultade de Ciencias.*

Proxecto subvencionado pola Fundación Cabaleiro Goás por un importe de 6000 euros.

5. Elaboración do plan estratéxico do CITI

Elaborouse e presentóuselle ao equipo de goberno un plan estratéxico para o CITI, en que se fai un estudo da situación actual, un diagnóstico e un plan de actuación para facer do CITI un centro de referencia eficiente e autosostible.

6. Elaboración do plan estratéxico dun centro tecnolóxico de enxeñaría informática

Coa finalidade de elaborar un plan estratéxico que permita pór en funcionamento un centro tecnolóxico de enxeñaría informática no Campus de Ourense (o denominado no programa de goberno como Informatic Center), realizáronse visitas a todos os grupos de investigación da Escola Superior de Enxeñaría Informática de Ourense. Como resultado elaborouse e presentóuselle ao equipo de goberno un plan preliminar en que se incluían os obxectivos, a posible estrutura e organización do centro, así como as liñas de maior potencialidade investigadora e de transferencia da ESEI. O plan atópase sen rematar ao estar pendente de recibir instrucións do reitor sobre as liñas que deberán ser o soporte do futuro centro.

7. Melloras e reparacións de infraestruturas e equipos no CITI

Durante este ano xestionáronse as obras de reparación en instalacións que se atopaban, ou non rematadas ou ben con deficiencias, que se recollen con detalle na seguinte táboa:

- Adaptacións para a insonorización do laboratorio de realidade aumentada
- Adquisición e instalación de Biowaste e SAS no laboratorio de microbioloxía P3
- Correccións no laboratorio P3 que posibiliten a súa acreditación con nivel de seguridade P3 (luminarias, bordos do mobiliario, instalación de fontanaría etc.)
- Instalación de climatización e refrixeración na planta piloto
- Peche parcial de plantas técnicas
- Avisador telefónico da cámara frigorífica no caso de avaría
- Calefactor en tubaría para evitar conxelacións (plantas técnicas)
- Outras pequenas reparacións

De igual xeito puxéronse en funcionamento os equipos que presentaban algunha deficiencia tras a pertinente reparación por persoal técnico especializado e que se recollen na seguinte táboa:

- Substitución de lámpadas nos equipos de purificación de augas
- Reparación do equipo clarificadora-centrífuga ALFA-LAVAL da planta piloto
- Reparación fermentador 50 l
- Reparación do reactor Parr da planta piloto

Equipouse e púxose en funcionamento un laboratorio do CITI co fin de actuar como complemento para dar servizo á planta piloto.

8. Actividades de valorización do coñecemento. Empresas de base tecnolóxica

Desde a Vicerreitoría apoiouse a creación dunha spin-off que permita a explotación do coñecemento ou tecnoloxías desenvolvidas polo grupo de enxeñaría química (EQ7) coordinado polo profesor don José M. Domínguez González. O proxecto foi seleccionado para ser financiado o seu plan de empresa por parte do Programa Empresa-Concepto, como paso previo á constitución da empresa.

9. Catálogos dos grupos de investigación do Campus de Ourense

Elaboráronse dous catálogos de capacidades dos grupos de investigación do Campus de Ourense:

- Catálogo dos grupos de investigación do CITI: inclúe as descrições dos 11 grupos que desenvolven a súa tarefa investigadora no CITI.
- Catálogo dos grupos de investigación do Campus de Ourense: inclúe as descrições dos 9 grupos do ámbito científico, 9 do humanístico, 13 do tecnolóxico e 15 do xurídico-social, que desenvolven a súa tarefa investigadora no Campus de Ourense.

A súa presentación en Ourense está prevista para o vindeiro día 19 de xullo.

10. Actividades de colaboración co Observatorio Socioeconómico da provincia de Ourense

Realizáronse as xestións oportunas para retomar a colaboración co Servizo de Fomento, Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais, dependente da Deputación Provincial.

Celebráronse diversas reunións cos responsables do servizo e, posteriormente, conxuntamente cos investigadores/as do Campus cuxos proxectos foron seleccionados polo servizo para o seu financiamento por un total de 20000 euros.

11. Participación activa en actos en representación da Universidade de Vigo

- *Acto: II Foro I+D+i en el sector empresarial gallego*

Lugar: Hotel Monumento San Francisco (Santiago de Compostela)

Data: 28 de febreiro de 2011

Tipo de participación: relatorio na mesa redonda

Título do relatorio: «O novo plan de investigación, innovación e crecemento 2011-2015»

12. Convocatoria e resolución de bolsas e axudas

- Fixéronse as xestións oportunas para a convocatoria, concesión e resolución dos proxectos INOU, subvencionados pola Deputación Provincial de Ourense.
- Fixéronse as xestións oportunas para a convocatoria, concesión e resolución de dúas bolsas de apoio á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia do Campus de Ourense.
- Fixéronse as xestións oportunas para a convocatoria, concesión e resolución das bolsas de apoio á Oficina de Software Libre.

13. Seguimento do convenio para a Oficina de Software Libre

Dende a Vicerreitoría realizouse o seguimento das actividades para realizar con cargo ao convenio existente entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para o apoio ás actividades en materia de software libre e de código aberto.